



MEMORIA ANUAL 2024

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU



**VIGO
CONVENTION
BUREAU**



ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN	3
1.1.- ORGANIGRAMA:.....	6
1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2024.....	6
1.1.2.-SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2024	7
2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2024	8
2.1.-PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO	9
2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS	10
2.1.2.- ACCIÓNS.....	10
2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO	10
2.1.2.2- REDES SOCIAIS.....	11
2.1.2.3- PREVISIÓN VOOS.....	11
2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS	12
2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2024	13
2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2024.....	19
2.2.3.-ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS	22
2.3.-ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES	24
2.3.1.-ACTUALIZACIÓN CATÁLOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO	24
2.3.2.- ACTUALIZACIÓN GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS	24
2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO	25
2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO	25
2.4.-FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB.....	26
2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN	26
2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN	26
2.4.1.2.- WEB DA VIGOFILM OFFICE.....	27
2.4.2.- REDES SOCIAIS.....	28
2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN	29
2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA.....	29
2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS	30
2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA	30
2.5.1.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO-MICE	30
2.5.1.2.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO CINEMATOGRAFICO	37
2.5.2.- RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED.....	40

1.- PRESENTACIÓN

A Fundación Vigo Convention Bureau (en diante “VCB”) constitúese como unha organización de natureza fundacional de interese xeral galego e sen ánimo de lucro conforme á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, a través da cal o Concello de Vigo desenvolve, entre outros obxectivos, a súa estratexia de promoción turística e o apoio presencial do sector turístico en eventos promocionais.

A VCB e o Concello de Vigo veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas principais actuacións de promoción e difusión da cidade de Vigo, desenvolvendo diversas accións e dando resposta ás competencias de creación, promoción e mellora de bens turísticos de Vigo.

A FVCB ten como fin consonte co previsto no artigo 4º dos seus estatutos o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.


De igual maneira, a FVCB ten entre as súas actividades, conforme dispón o artigo 5º dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e

promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.



MICE Internacional

A nivel global, o mercado do turismo MICE alcanzou un valor estimado de 43.515,5 millóns de dólares en 2024, cunha proxección de crecemento anual composto (CAGR) do 7,5 % ata 2031. Este crecemento estivo impulsado pola crecente demanda corporativa, o apoio governamental e os avances tecnolóxicos. A industria adoptou modelos híbridos que combinaron eventos presenciais con plataformas virtuais, permitindo maior flexibilidade e alcance.

Entre as tendencias destacadas en 2024 incluíronse:

• **Sustentabilidade:** As empresas priorizaron eventos eco-amigables mediante a redución de emisións e o uso de tecnoloxías verdes.

SUSTENTABILIDADE



• **Innovación tecnolóxica:** Implementáronse ferramentas dixitais avanzadas como análises de datos e automatización para mellorar a experiencia dos asistentes.



• **Colaboración internacional:** Países e rexións fortalecieron alianzas público-privadas para atraer eventos globais.



En Europa, o mercado xerou ingresos de 13.054,7 millóns de dólares, con España contribuíndo con 1.070,48 millóns.

España

España mantivo a súa posición como un dos destinos líderes en Europa para eventos MICE grazas á súa infraestrutura avanzada, conectividade internacional e oferta cultural. En 2024, o mercado español xerou ingresos aproximados de 1.070 millóns de dólares,

representando un crecemento moderado do 5,1 % anual. Cidades como Barcelona e Madrid seguiron sendo epicentros clave para congresos internacionais.

O país enfocouse en:

- **Dixitalización:** Integración de plataformas tecnolóxicas para mellorar a planificación e execución de eventos.
- **Promoción internacional:** Campañas dirixidas a captar grandes congresos e feiras internacionais.
- **Sustentabilidade:** Implementación de distintas prácticas responsables en recintos e servizos turísticos.

Galicia

En Galicia, o turismo MICE experimentou unha recuperación notable en 2024. A rexión aproveitou o seu atractivo natural e cultural para posicionarse como un destino alternativo para eventos corporativos.

As estratexias rexionais incluíron:


- **Diversificación.**
- **Eventos híbridos.**
- **Iniciativas sostíbles.**

Vigo

No ano 2024, Vigo consolidou a súa posición como un destino destacado no turismo MICE (Meetings, Incentives, Conferences, and Exhibitions). A cidade acolleu un total de 124 eventos profesionais, incluíndo congresos, xornadas e feiras, o que representa un incremento do 20,39% respecto a os 103 eventos celebrados en 2023. En canto á distribución temporal, outubro foi o mes con maior actividade congresual, concentrando o

16% dos eventos, seguido de xuño co 15%, e abril e novembro co 12% cada un.

% Mensual eventos Vigo



En resumo, o turismo MICE mostrou unha evolución positiva en 2024 tanto a nivel global como nacional e rexional. A combinación de innovación tecnolóxica, sustentabilidade e colaboración estratéxica permitiu ao sector adaptarse ás novas demandas do mercado e consolidar a súa relevancia económica.

A Fundación exerce igualmente as funcións de oficina de rodaxes a través da marca Vigo Film Office (VFO), departamento da VCB dedicado á promoción de Vigo como espazo de rodaxe. Entre os servizos que a Vigo Film Office presta están:

Asesoramento a produtoras e empresas interesadas en rodar en Vigo na elección de localizacións e de provedores de servizos.

Tramitación gratuíta das solicitudes de rodaxe en vías públicas e espazos municipais. Apoio nas solicitudes de rodaxes en espazos


públicos, incluíndo praias, parques e xardíns, monumentos e edificios históricos.

- Promoción de Vigo como cidade de rodaxes en mercados audiovisuais de toda España.
- Apoio ás actividades culturais relacionadas co audiovisual que se celebren en Vigo como festivais, reunións profesionais e proxeccións.



1.1.- ORGANIGRAMA:

A Fundación VCB, posúe unha estrutura departamental, apoiada por un equipo multidisciplinar construído baixo o seguinte esquema, que lle permite abordar e dar resposta aos obxectivos e accións establecidas no Plan de Traballo da Fundación.



ORGANIGRAMA FUNDACIÓN VCB

A Fundación VCB contou en 2024 cunha estrutura de persoal formada por 3 persoas que desenvolveron as accións descritas nesta memoria.

1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2024



1.1.2.-SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2024



O ano rematou con **27 socios** adheridos á Fundación. En 2024 produciuse a alta de 1 novo socio e a baixa de 3.

ALTAS 2024

NOME	SECTOR
Central Radio Taxi	Servizos de transporte

BAIXAS 2024

NOME	SECTOR
Audiovisuales Vigo S.L.	Servizos audiovisuais
Bluscus S.L.	Turismo mariñeiro
At servicios	Servizos audiovisuais

2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2024

Na liña do apuntado polo Plan de Actuación 2024 e aprobado no Padroado celebrado en data 1 de febreiro de 2024, a VCB desenvolverá ao longo deste ano o seu traballo de acordo cos seguintes eixos:

- Coordinación coas entidades públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Seguimento da actividade MICE da cidade.
- Asistencia a feiras, congresos e xornadas profesionais do sector.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do Aeroporto de Vigo e da cidade como destino, ademais da elaboración de informes estatísticos.
- Organización de viaxes de familiarización co destino.
- Elaboración de materiais de difusión e promoción da cidade como destino MICE.
- Elaboración de dossieres de apoio ás candidaturas.
- Elaboración de Informes estatísticos do Turismo.
- Elaboración de memorias xustificativas e informes sobre o sector.
- Apoio e asesoramento aos socios da Fundación VCB.
- Compilación de datos estatísticos relativos a visitantes, pasaxeiros, e ocupación hoteleira de xeito mensual.
- Tramitación de permisos de rodaxe a través da Vigo Film Office.
- Execución de mesas de traballo cos socios da VCB, para apoialos e asesoralos.
- Actualización da guía de espazos e incentivos.
- Xestión das RRSS e das webs da VCB e da VFO.
- Colaboración na promoción turística de Vigo.



2.1.-PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

Dende 2012 a Fundación ten encomendadas por parte do Concello de Vigo as funcións de desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa potenciación do Aeroporto de Vigo. Este ano a VCB estableceu dúas liñas de traballo: por unha parte, o desenvolvemento de relacións e

colaboracións con compañías aéreas e, por outra, a elaboración de materiais e ferramentas que permitan a promoción da terminal viguesa, ademais de mellorar o posicionamento e coñecemento de Vigo como destino.



O aeroporto de Peinador pechou 2024 superando un ano máis o millón de pasaxeiros (1.058.529 pax.), cunha caída do -6,83% sobre 2023 (na súa maior parte debida ao peche do aeroporto por obras no mes de maio).

AEROPORTO DE VIGO DATOS ANUAIS 2024



• AS PORCENTAXES CÁLCULANSE SOBRE O ANO PASADO 2023

2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS


O longo do ano 2024 mantivéronse contactos sobre todo co Aeroporto de Vigo para mellorar os datos estatísticos e información aeroportuaria. O peche do aeroporto no mes de maio foi a principal incidencia anual seguida do incumprimento do contrato por parte de Ryanair na súa ruta de Londres. Destacar as subidas de pasaxeiros en Vigo das compañías Air Nostrum e Binter máis dun 4% e un 2% respectivamente.

2.1.2.- ACCIÓNS

Ao longo do ano executáronse as seguintes accións sobre o aeroporto de Vigo.

2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO

Mensualmente elaborouse o Informe Estatístico do aeroporto de Vigo e dos aeroportos galegos. Este informe remítese ao Concello para que dispoñan dos últimos datos da evolución do aeroporto para a toma de decisións e establecer controis de seguimento.



En 2024 procedeuse a publicar na web de Fundación os datos estatísticos anuais:

DATOS AEROPUERTO

El **Aeropuerto de Vigo** cierra el año en el puesto **24** de los aeropuertos de AENA por nº de pasajeros, se alcanzaron los **1.058.529 pax**, un **6.83%** menos que en 2023. Se realizaron **11.515 operaciones** en su pista, un **-22.54%** menos que el año pasado, y se movieron **314.885 Kg** en mercancías, un **60.99%** menos que en 2023.



2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2024

No 2024 a VCB prestou asistencia técnica e apoio na difusión e comunicación dos seguintes eventos e candidaturas para a súa celebración na cidade de Vigo:

ASESORAMENTOS DENDE A FUNDACIÓN:

LISTAXE DAS PRINCIPAIS COLABORACIÓNS CON EVENTOS 2024	
	XVIII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo 25 – 27 xaneiro
	XXVI Congreso del Consejo Nacional de Estudiantes de Derecho (Conede) 13 – 16 marzo
	Encontro IBERO4JOBS 3 – 5 abril
	III Simposio Conjunto de los grupos temáticos de CEA 10 – 12 abril
	Festival dos animais de compañía “Pata a Pata” 27 – 28 abril
	I Jornadas de Personal Científico Joven del CIBER 8 – 10 maio
	Festival Internacional de divulgación científica Pinto of Science 13 – 15 maio
	ParatradIT 20 – 22 maio

	WordCamp Vigo 2024 24 – 26 maio
	15º Simposio Nacional CMA 6 – 7 xuño
	Congreso Galicia Biodays 12 – 13 xuño
	38º Congreso Juezas y Jueces por la democracia 13 – 14 xuño
	45º Conferencia ICAME 18 – 22 xuño
	Comisión de Igualdad - FEMP 24 xuño
	Congreso 3D GeoInfo & EG-ICE 2024 1 – 5 xullo
	Festival Arquitectura Urbana - TAC 13 xuño – 14 xullo
	Congreso Implantología 26 – 28 setembro
	25º Feira internacional CONXEMAR 1 – 3 outubro



Desafío Boot Camp

6 outubro



Eventos del Motor

4 – 6 outubro
15 – 17 novembro



Conversa – Cadena Ser “Innova Turismo”

7 novembro



ASESORAMENTOS DENDE A VIGOFILM OFFICE

APOIO A RODAXES DESDE A VIGO FILM OFFICE




El fútbol es así

Xestión permisos de rodaxe e asesoramento



Un país para leerlo - TVE

Xestión permisos de rodaxe

	Vidas Contadas – Spot Cabreiroá Xestión permisos de rodaxe
	Jardines con historia – TV2 Xestión permisos de rodaxe
	Música no foco – TVG2 Xestión permisos de rodaxe
	San Simón Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Salvados Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Pesadilla en la cocina de Alberto Chicote Xestión permisos de rodaxe
	Animal Salvaje - Netflix Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Booking – sesión fotográfica Xestión permisos
	Rodaxe de recursos para Turismo no Castro Xestión permisos rodaxe
	Bimba y Lola – sesión fotográfica Xestión permisos
	Spot publicitario Leroy Merlin Xestión permisos de rodaxe

	“Romería” de Carla Simón Xestión permisos de rodaxe, asesoramento e cesión de espazos
	Master Chef Celebrity Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Delirio Sketchs (web serie) Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	“Rondallas”, de Daniel Sánchez Arévalo Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Programa aniversario TVG Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Sketch TVG Xestión permisos de rodaxe
	Translatio – curtametraxe Xestión permisos de rodaxe
	As Liñas Discontinuas de Anxos Fazáns Xestión permisos de rodaxe e asesoramento
	Anuncio lotería Navidad 2024 - TVE Xestión permisos de rodaxe
	Programa TVG Xestión permisos de rodaxe

	Castellano Manchegos por el Mundo
	Xestión permisos de rodaxe
	Mutua Madrileña – Spot publicitario
	Xestión permisos de rodaxe
	Plumas – Vídeo Danza de Bea Saiáns
	Xestión permisos de rodaxe
	Xestión de permisos de rodaxe para alumnos de escolas audiovisuais: - Evita Camilia – Falmouth University - Como librarse de un atraco en 1 minuto - Proxecto comunicación audiovisual – UVIGO - Asfixia - Dos demonios y medio - Marcada por el silencio - Cuerpo en la sombra - Videoclip (Uvigo) - Los sueños que vuelan (EIS Vigo)

2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2024

<i>EVENTOS 2024</i>			
MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
Xaneiro	15	Seminario 'Articulation of individual and communal vulnerabilities in contemporary fiction'	Redeiras
Xaneiro	25 - 27	XVIII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo (AEPDA) - El Derecho Administrativo en la era de la IA	Afundación
Xaneiro	26 - 28	II Open Nacional de Pádel en silla de ruedas Ciudad de Vigo	Twelve Pádel Zenter
Xaneiro	30	"I Foro de Comunicación Estratégica"	Circulo Empresarios
Xaneiro	30	Xornada de Orientación Universitaria	UVIGO - Filoloxía
Febreiro	17 - 18	XIII Edición Retro Galicia	IFEVI
Febreiro	19 - 22	V Symposium INNOVA VIGO 2024	Hospital Álvaro Cunqueiro
Febreiro	22	Torneo intercampus Vigo	UVIGO
Febreiro	22	2ª Xornada Conectando en Igualdade, a transformación do futuro tecnolóxico	Edf. Miralles
Febreiro	22 - 23	VI Simposio Nacional de Oncología de Precisión	Afundación
Febreiro	27 - 29	III Foro Talento Fundamental	UVIGO
Marzo	4	Mentes Expertas - Conferencia Emilio Duró	Mar de Vigo
Marzo	5 - 7	XXIV edición do Foro Tecnolóxico de Emprego	Uvigo- Enxeñería
Marzo	6 - 10	Salón del Automovil y motocicleta	IFEVI
Marzo	7 - 8	XIV Edición do Congreso El Ojo de Polisemo	UVIGO - Filoloxia
Marzo	13 - 17	XXVI Congreso del Consejo Nacional de Estudiantes de Derecho (Conede)	UVIGO - Cidade da Xustiza
Marzo	14	Xornada 'Igualdade para o alumnado internacional'	UVIGO - Filoloxia
Marzo	14	TalentoCiber - CITIC Cyber Competition	AtlanTTic
Marzo	14 - 16	Hack For Good 2024	UVIGO - Teatro Vidal Bolaño
Marzo	18 - 21	IV edición da Semana da Producción e Xestión	Conservatorio Superior de Música de Vigo
Marzo	19 - 21	III Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático	Auditorio Municipal
Marzo	20 - 22	Congreso Internacional de Paratraducción, Interlinguas y Transmedia - ParatradIT-	UVIGO - Filoloxía e
Abril	3 - 5	Encontro empresarios, profesores e representantes Universidad de Colombia e Méxco - IBERO4JOBS	CINTECX
Abril	5	VIII Jornadas Multidisciplinares de Actualización en Cáncer de Pulmón	Attica 21
Abril	6	MOVE IT VIGO Urban Dance Competition	IFEVI
Abril	7	Asamblea Regional Testigos de Jehová	Mar de Vigo
Abril	9	BiolIntegra Saúde 2024	Hospital Álvaro Cunqueiro

Abril	11	Foro Contract Arquitectura y Empresa	Mar de Vigo
Abril	10 - 12	III Simposio Conjunto de los Grupos Temáticos de CEA (Comité Español de	Attica 21
Abril	12 - 13	IV Jornada Gepes – Lesiones del deporte en la extremidad superior	Colexio Médico – H. Concheiro
Abril	14 - 20	Encuentro RUEDA - Academia de Cine	Marco - Redeiras
Abril	18 - 19	XXI encuentro nacional ENETI - Estudiantes de Traducción e Interpretación	UVIGO
Abril	19	VII Competición de Robots	UVIGO - Enxeñería
Abril	22 - 23	III Foro Xurídico Íbero Brasileiro. Intelixencia artificial: regulación e dereitos nunha perspectiva multidisciplinar	UVIGO - Ciencias Xurídicas
Abril	25 - 27	II Olimpíadas de Teleco	UVIGO
Abril	25 - 28	Vigoporté	Mar de Vigo
Abril	27 - 28	Festival Pata Pata	IFEVI
Maio	4 - 5	Asamblea Regional Testigos de Jehová	Mar de Vigo
Maio	8	Mentes Expertas - Conferencia Mario Alonso Puig	Mar de Vigo
Maio	8 - 10	I Jornadas de Personal Científico Joven del CIBER	Afundación
Maio	9 - 10	The Way Startup Summit	Palacio de la Oliva
Maio	10	I Jornada en Cuidados centrada en los accesos vasculares y la imagen ecográfica	Attica 21
Maio	13 - 15	Pint of Science Festival	Cañaveral / Bar El
Maio	14	3ª xornada do ciclo Conectando en igualdade, a transformación do futuro	UVIGO
Maio	21 - 23	NAVALIA	IFEVI
Maio	22	XXX Seminario de Loxística	UVIGO - Enxeñería
Maio	23 - 24	II Encuentro de profesionales de la comunicación en RRSS de las universidades	Redeiras
Maio	24 - 26	WordCamp Vigo 2024	Mar de Vigo
Maio	31	I Jornada Quirúrgica Oncoginecológica	Hospital Álvaro Cunqueiro
Xuño	5 - 6	The Thinking Institute	Uvigo
Xuño	5 - 7	Workshop de creación e elaboración de ferramentas para a investigación lingüística en xestualidade	Redeiras
Xuño	5 - 7	Congreso DjangoCon Europe 2024	Mar de Vigo
Xuño	6 - 7	Congreso Internacional Mercados de trabajo equitativos y abiertos a la competencia e IX Jornada anual de la RADC	Ed. Autoridad Portuaria
Xuño	6 - 7	XVI Simposio Nacional CMA (Cirugía Mayor Ambulatoria)	Afundación
Xuño	7	Xornadas Comunicar en igualdade II	Redeiras
Xuño	10	Herramientas para un Trismo de Experiencias #ExperienciasAEDH Vigo (Asociación Española de Directores de Hotel)	Hotel Attica21
Xuño	12	Sinerxías 2024 – II Encuentro de organizaciones y entidades empresariales de Galicia	Hotel Los Escudos
Xuño	13	38º Congreso Anual de Jueces y Juezas para la Democracia	Marco
Xuño	12 - 13	Galicia Biodays	Mar de Vigo
Xuño	14 - 15	29 Congreso SOGACOT (Sociedad Gallega de Cirugía ortopédica y traumatología)	Circulo Empresarios
Xuño	18 - 21	International Workshop on Dinoflagellate Cysts	Redeiras
Xuño	18 - 22	45ª Conferencia ICAME	Uvigo
Xuño	23 - 27	XXII Congreso de la Asociación Ibérica de Limnología (AIL MEETING)	Afundación
Xuño	26	Xornada informativa OPI: Convocatoria Marie Skłodowska-Curie Postdoctoral Fellowships e Doctoral Networks	Uvigo
Xuño	26 - 28	VALP6 Conference (6th Variation and Language Processing Conference)	Uvigo

Xuño	27	Xornada sobre pobreza multidimensional, dignidade humana e dereitos humanos	Uvigo
Xuño	28 – 30	Asamblea Nacional Testigos de Jehová	Mar de Vigo
Xullo	1 – 5	19th International 3D GeoInfo Conference 2024 e o 31st EG-ICE International Workshop on Intelligente Computing in Engineering	Uvigo
Xullo	5 – 7	Asamblea Nacional Testigos de Jehová	Mar de Vigo
Xullo	6 – 7	Kokoro	IFEVI
Xullo	8 – 9	Gibraltar International Conference 2	Redeiras
Xullo	11 – 14	Festival ARVI do Peixe – Vigo Sea Fest	Jardines Elduayen
Xullo	12 – 14	Asamblea Nacional Testigos de Jehová	Mar de Vigo
Xullo	18 – 19	VII Edición Annual Meeting CINBIO	Uvigo
Agosto	8 – 10	Marisquiño	Samil
Setembro	2 – 6	14ª Congreso Internacional QCRYPT 2024	Afundación
Setembro	13 – 14	VI Congreso SGH (Sociedad Gallega de Heridas)	Afundación
Setembro	16	Xornada do 5G ao 6G: avances, desafíos e oportunidades	Uvigo
Setembro	19 – 21	PulpoCon 24	Afundación
Setembro	26 – 27	3ª Edición de New Space España	Afundación
Setembro	26 – 28	XXXIV Congreso Nacional y XXVII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Implantes	Mar de Vigo
Setembro	30	Xornada internacional interuniversitaria Democratizar os coidados e a vida doméstica. O papel dos homes con perspectiva de xénero	Redeiras
Setembro	30	12 Congreso Internacional Conxemar – FAO	Afundación
Outubro	1 – 3	25ª Feria internacional CONXEMAR	IFEVI
Outubro	4	Xornada de formación para profes de Idiomas	Escuela de Idiomas
Outubro	4	V Edición Seminario SPERTUS: Transición energética y la competitividad industrial	UVIGO
Outubro	4 – 6	Congreso Lenguaje Python	Palacio Congresos Mar de Vigo
Outubro	6	Desafío Boot Camp	Samil
Outubro	10-27	Petisquiño	Vigo
Outubro	11	Ruenión de la CRUE (Universidades Españolas)	Redeiras
Outubro	15	Vertical Summit	Hotel Attica21
Outubro	16	Jornada sobre el genocidio en Gaza - «Gaza. La Catástrofe (Nakba)»	Afundación
Outubro	17	III Jornada de la sensibilización sobre la Esclerosis Múltiple "Hablemos sin Tabúes"	Hotel Attica21
Outubro	17 – 18	VII Congreso de Ibernáutica - Premium Sea's Gastronomy	Tinglado
Outubro	18	Jornadas Técnicas a nivel nacional sobre Comités de Bienestar Portuario	Puerto de Vigo
Outubro	18 – 20	Feria de Minerais de Vigo	CC Plaza Elíptica
Outubro	24	II Asamblea CIMentos	Citexvi
Outubro	25	Xornada 'O ecosistema do sector de coidados na provincia de Pontevedra: realidade xurídica-laboral e sociolóxica'	UVIGO
Outubro	25 – 26	XXVIII Congreso SGADOR (Sociedade Galega da dor e coidados paliativos)	Afundación
Outubro	25 – 26	38 Reunión anual SGCPRE - Sociedad Gallega de Cirugía Plástica Reparadora y Estética	Hotel Attica21
Outubro	25 – 26	III Encuentro de Fisioterapeutas y Profesionales de Atención Primaria y Salud Comunitaria	Verbum

Outubro	26 – 27	Feria Vegana	IFEVI
Outubro	28	Xornada 'A política fiscal e a erradicación da violencia contra as mulleres'	UVIGO
Novembro	3 – 17	La21 - Media Maratón de Vigo	Vigo
Novembro	4 – 8	JAI 2024 - X edición Jornadas sobre Tecnologías y Soluciones para la Automatización Industrial	UVIGO
Novembro	6	I Encontro anual de investigadoras e investigadores en Dereito Constitucional	UVIGO
Novembro	6 – 10	HematoFesti - Festival de humor y literatura infantil	Marco
Novembro	7	6º Summit AER (Asociación Española de Robótica y Automatización)	UVIGO
Novembro	7	Xornada 'Visions and Revisions of "Home" in Irish Literature and Society'	UVIGO
Novembro	8 – 9	I Jornadas de Altas Capacidades	Afundación
Novembro	9 – 10	Vigobodas	IFEVI
Novembro	11 – 12	II Foro Galicia de Sostenibilidade Global de Produtos do Mar	Afundación
Novembro	13 – 15	XXVIII Congreso Internacional "Encontro Galego-Portugués de Química"	Afundación
Novembro	19	8º Congreso Prevención y Seguridad Industrial 4.0. Segunda edición sobre IA. Humanos e inteligencia artificial	Círculo de Empresarios
Novembro	20 – 21	Congreso Internacional Retos del Derecho de Familia ante una sociedad más inclusiva	Redeiras
Novembro	21 – 22	13 edición Foro Intercomunitario de Investigación Juvenil	UVIGO
Novembro	25 – 27	Gastro Movida Summit	Tinglado
Novembro	28	Xornada de Humanización na área sanitaria de Vigo: A humanización como principio reitor do Sistema Público de Saúde	Hospital Álvaro Cunqueiro

O número total de eventos, feiras e congresos desenvolvidos na cidade de Vigo en 2024 foi de **124 eventos** profesionais, incluíndo congresos, xornadas e feiras, o que representa un incremento do **20,39%** respecto aos 103 eventos celebrados en 2023.

2.2.3.-ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS

Neste período a VFO asistiu a:

LISTAXE ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS 2024	
	FITUR 2024 <i>Madrid 24 – 28 xaneiro</i>
	Festival de Cine de Málaga <i>Málaga 5-8 marzo</i>
	Premios Mestre Mateo <i>A Coruña 23 marzo</i>

	Curso de formación de la Spain Film Commission Santiago 20 – 21 maio
	CONECTA FICTION Toledo 18-20 xuño
	Shooting Valladolid Valladolid 15 – 16 outubro
	South Series Fest Cádiz – 28 – 30 outubro
	Conversa – “Vigo Innova Turismo” Santiago de Compostela – 7 novembro
	Asamblea Spain Film Commission Terrassa – 2/3 decembro

2.3.-ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES

A Fundación é un actor fundamental no desenvolvemento da imaxe de Vigo como destino e así, no marco de actuacións no ano 2024, leváronse a cabo as seguintes accións:

2.3.1.-ACTUALIZACIÓN CATÁLOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO

En 2024 actualizouse a guía de espazo na web da Fundación como un paso máis cara a dixitalización dos contidos, á vez actualizouse e ampliouse a listaxe dos espazos dispoñibles na cidade de Vigo, ó longo de 2024 procedeuse á ampliación e actualización dos espazos presentes no catálogo. Os espazos mantiveron e articuláronse nas 3 categorías definidas na súa creación:

- Espazos principais
- Espazos en hoteis
- Espazos singulares



2.3.2.- ACTUALIZACIÓN GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS

Á guía de incentivos incorporáronse novas actividades e actualizáronse contidos na procura de mellora constante deste recurso, moi demandado polos organizadores de eventos en Vigo. Os espazos distribuíronse nas seguintes categorías:

- Urbanos
- Natureza
- Náuticos
- Gastronomía e Enoloxía
- Cultura



2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO

Por solicitude da Concellería de Turismo do Concello, mensualmente elabórase unha memoria estatística para analizar o estado e as cifras do turismo na cidade. Para a realización da memoria utilízanse as seguintes fontes:

- Datos mensuais do INE e do IGE.
- Datos estatísticos mensuais do CRV.
- Datos recollidos nos hoteis da cidade.
- Portos do estado.
- Xunta



A estes informes engádense os específicos solicitados desde o Concello ó longo do ano.

ESTANCIA	
Estadística Media	
Vigo	1,79

GRADO DE OCUPACIÓN POR HABITACIÓN	
%	
Vigo	70,85 %



Este ano ademáis contratouse coa empresa **ORANGE** a recollida de datos móbiles, para facer o estudo dos visitantes ás luces do Nadal, o periodo contratado foi do 15 de novembro ao 15 de xaneiro.

2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO

Mantivéronse as enquisas mensuais por mail para facer o seguimento do sector, co obxectivo de establecer liñas de actuación. As enquisas remítense na primeira semana do mes, analízanse e remítense os resultados ó sector. Ó longo do ano activáronse recollidas específicas de datos aproveitando o periodo estival, a celebración de eventos na cidade, ademais de pontes e festivos.



2.4.-FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB

Durante todo o ano mantívose o proceso de actualización das páxinas web. A difusión e promoción das accións da VCB debe seguir un proceso ordenado nos seus contidos, tempos e formas, así como utilizar os mellores medios de información ao seu alcance.

A VCB usa as seguintes canles e medios a nivel dixital.

- Páxinas web
- Redes sociais
- Listas de distribución
- Clipping
- Publicacións



2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN

A Fundación ten en activo os seguintes espazos web:

- www.vigocb.org
- www.vigofilmoffice.es



2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN

Continuamos coa actualización e modernización das ferramentas comunicativas online da Fundación mediante a creación de novas áreas na páxina web, o cal permite incorporar novos contidos e materiais dirixidos aos profesionais da organización de eventos e congresos.

Na web publicáronse ademais noticias de elaboración propia de interese para o sector.



2.4.1.2.- WEB DA VIGOFILM OFFICE

A páxina web da Vigo Film Office informou durante todo o ano sobre os distintos proxectos filmados na cidade.

A web é unha ferramenta necesaria para mostrar o traballo que leva a cabo o departamento e serve ademais como plataforma para interactuar co sector audiovisual e ofrecer a información necesaria no referente a rodaxes.



A carga de novos contidos e actualizacións, foi continua ao longo de 2024, especialmente no referente a :

- Filmografía completa da cidade de Vigo (longametraxes, curtas, documentais, videoclips, etc..)
- Localizacións de rodaxe na cidade
- Permisos
- Áreas de directorios
- Novas.



LARGOMETRAJES



Apocalipsis 2: El principio del fin (2024)



Los ojos de Europa (2024)



Un hombre de acción (2023)



Live is Life (2023)



9 Fugas (2020)



María Solimá (2020)



La felicidad de los perros



Toro (2018)

2.4.2.- REDES SOCIAIS

Actualización diaria de contidos nas redes sociais nas que a Fundación está presente, Facebook, X, Instagram, Linkedin e Youtube, compartindo tanto material propio como doutras contas que consideramos interesantes para os nosos seguidores.

LISTAXE REDES SOCIAIS FUNDACIÓN VCB

REDE	SEGUIDORES
https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau	2.833
https://twitter.com/VigoCB	2.466
https://www.facebook.com/FlyToVigo/	664
https://twitter.com/flytovigo	1.423
https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice	1.762
https://twitter.com/vigofilmoffice	1.547
https://twitter.com/visitcies	1.044
https://www.facebook.com/Visitciesislands/	535
https://www.instagram.com/visitciesislands/	1.047
https://www.instagram.com/vigofilmoffice/	1.121
https://www.instagram.com/vigoen90segundos/	330
https://www.linkedin.com/in/vigocb/	472



Capturas das RRSS da Fundación Vigo Convention Bureau

Mantense a procura periódica de perfís de interese aos que seguir para establecer sinerxias con empresas e entidades do sector ou profesionais do mesmo, que poidan aportar un valor engadido ás nosas redes.

2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN

Para axilizar e protocolizar os procesos de información diarios, actualizamos e ampliamos unha serie de listas de distribución.

LISTAS CREADAS

- *Patróns*
- *Hoteis*
- *Prensa*
- *Socios*
- *Congresos*
- *Clipping*



2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA

Diariamente procédese á selección de noticias para a creación dun clipping de prensa. As noticias son tanto locais como nacionais e internacionais, prestando especial atención aos asuntos que son máis próximos e afectan en maior medida aos nosos socios.



Este resumo sirve de base para a análise da actualidade e a programación de redes sociais por parte do departamento de comunicación.

Cada mañá o clipping envíase aos socios e colaboradores da Fundación e procedemos ao arquivo na nosa base de datos das que consideramos máis importantes.



2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS

2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA

O 14 de xuño de 2024 firmouse un Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para o desenvolvemento das accións de promoción turística conducentes á dinamización do turismo de Vigo en 2024 cun orzamento de 275.000,00€€. As accións a desenvolver foron detalladas nun Anexo I presentado previamente á sinatura do Convenio e aprobadas polo padroado da Fundación en data 8 de abril de 2024.

As accións a desenvolver no convenio agrúparonse en dúas áreas principais, que foron:

- Turismo-MICE.
- Turismo Cinematográfico.

2.5.1.1.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO-MICE

A continuación enuméranse as accións executadas dentro desta área.

2.5.1.1.1.- APOIO E INCENTIVOS PARA EVENTOS EN VIGO

Durante a execución do convenio neste apartado realizáronse as seguintes accións:

- Organización de visitas e rutas guiadas:
 - Procedeuse á contratación de rutas guiadas pola Ría de Vigo e Illas Cíes sen desembarco, con ou sen degustación de produtos gastronómicos locais. As rutas realizáronse en barco para coñecer e gozar da paisaxe da fermosa Ría de Vigo desde o mar e bordeando as Cíes, permitindo descubrir a súa historia, paisaxe e tradicións marítimas. Observáronse puntos tan importantes da súa costa como o porto pesqueiro de Vigo, o monte de A Guía, os pobos mariñeiros do Morrazo, como Cangas e Moaña, os polígonos de bateas, etc., e, no seu caso, degustando a bordo un dos produtos estrela da nosa terra: o mexillón.
 - Contratáronse rutas promocionais guiadas científico-divulgativas pola Ría de Vigo. Os percorridos guiados científico-divulgativos realizáronse en barco pola Ría cun contido específico desenvolvido para grupos de turismo,



axuntando o entretemento e a divulgación ambiental e patrimonial, dando a coñecer a Ría dunha forma nova e moi especial, achegando aos asistentes a unha experiencia sen precedentes que une o turismo e a ciencia dunha forma sorprendente, entretida e educativa.

- Visitas promocionais guiadas ás Illas Cíes. As visitas promocionais guiadas comprenderon a travesía en barco con desembarco nas Illas Cíes máis ruta guiada polas illas, cun guía por cada 25 pasaxeiros, que facilitou información do máis interesante deste Parque Nacional protexido como son as súas praias, a paraxe insólita de abruptos acantilados e augas turquesas no medio do Atlántico, os faros, a fauna e flora, etc.
- Organización de visitas guiadas.
- Actos de recepción aos visitantes.
- Cobertura aos programas de Turismo.
- Traslado dos congresistas, adaptado ás necesidades do programa.
- Realización e entrega de paquetes de merchandising de Vigo como material de promoción.
- Contratación de actuacións culturais.
- Promoción en RRSS dos eventos.
- Patrocinio de eventos, congresos, ferias con relevancia turística a fin de crear novos produtos desestacionalizadores do turismo e que xeren para a cidade un retorno económico e publicitario.



Principais congresos e eventos apoiados con incentivos:

- Festival de Arquitectura Urbana (TAC).
- Galicia Freaky Film Festival.
- XXII Congreso de la Asociación Ibérica de Limnología (AIL).
- Congreso Sociedad Española de Implantes (SEI).
- Salón del Automóvil de Vigo.
- Congreso ICAME 45.
- WORDCAMP Vigo 2024.



- 15º Simposio Nacional de Cirugía Mayor Ambulatoria (CMA).
- FEMP (Federación española de municipios y provincias).
- Congreso Juezas y Jueces por la democracia.
- II Edición Galicia Biodays 2024.
- Petisquiño 2024.
- Boot Camp 2024.
- 19th International 3D GeoInfo Conference 2024.
- Programa Rueda.
- 31st EG-ICE International Workshop on Intelligent Computing in Engineering.



2.5.1.1.2.- ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E DIFUSIÓN TURÍSTICA.

Durante a execución do convenio impulsouse a promoción da cidade e a difusión dos seus atractivos en diferentes eventos, feiras e congresos, en busca da captación de eventos para a cidade.

As accións desenvolvidas foron:

- Participación en feiras, xornadas e eventos con interese para a captación e promoción:
 - FITUR do 24 ao 28 de xaneiro.
 - Semana Internacional de la Huerta y el mar de los Alcázares do 14 ao 24 de agosto.
 - Autoclássico Porto (4 - 6 octubre).
 - Retroclásica Bilbao (15-17 noviembre).
 - Retromóvil Madrid (29 nov-1 dic).



2.5.1.1.3.- DESEÑO ELABORACIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS

Elaboráronse materiais ligados á imaxe e valores da cidade e diverso merchandising que permitan tanto o apoio á potencial captación e celebración de eventos, como a atención aos congresistas. O material desenvolvido foi:

- Balconeras promocionais.
- Bolígrafos con punteiro para tablet, cor vermella.
- Lapis cor vermella.
- Planos.
- Folletos.
- Guías.



2.5.1.1.4.- CAMPAÑAS-ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EN MEDIOS

As campañas e accións de promoción tiveron como obxectivos principais atraer visitantes e turistas, fomentar o investimento económico, e destacar os valores culturais, históricos e naturais que posúe a nosa cidade. Así mesmo, buscouse posicionar á cidade como un destino atractivo e competitivo, buscando a súa identidade e fortalecendo o sentido de pertenza entre os seus habitantes. Estas accións desenvolvidas tamén incentivaron o desenvolvemento sustentable, a xeración de emprego e a dinamización de sectores estratéxicos como son o

turismo, o comercio e os servizos, logrando un impacto positivo na economía local e o benestar da comunidade.

As campañas e as accións executadas foron:

- Insercións publicitarias nas revistas de feiras e congresos máis importantes da cidade de Vigo:

- Revista especial Conxemar.
- Revista Global Industry Asime.
- Revista Industrias Pesqueras.
- Revista Corporativa de Asemaco.



Programa Radiofónico CONVERSA para promocionar: “Vigo Innova Turismo”.



- Inserción no medio de comunicación dixital “Eldiario.es” para impulsar e fortalecer a imaxe da cidade de Vigo.



- Inserción dunha páxina na revista de a bordo de “Air Nostrum” de decembro.



- Evento “Morning Show” de Los40 Classic, para a promoción do destino Vigo.



- Campaña con Baner publicitario e emisión de cuñas para a Promoción das Illas Cíes a Xeoparque da Unesco:

- Faro de Vigo (Banner)
- Atlántico diario (Banner)
- Radio Vigo (Cuñas)
- La COPE (Cuñas)
- Onda Cero (Cuñas)
- La Voz (Banner)
- Cíes Podcast (Banner e cuñas)
- Kiss FM (Cuñas)
- Metropolitano



2.5.1.1.5.- ESTUDOS E INFORMES RELACIONADOS CO TURISMO

Nesta apartado realizáronse as seguintes accións:

- Seguimentos específicos das ocupacións nos hoteis da cidade.
- Recollida de datos de visitantes.



2.5.1.1.6.- SERVIZOS NA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ASISTENCIA TÉCNICA

Renovouse a asistencia técnica o asesoramento xurídico para o bo desenvolvemento das accións realizadas pola Fundación.

O persoal da Fundación VCB ofreceu os seguintes servizos:

- Apoio técnico na presentación de candidaturas de congresos.
- Axuda na organización e a loxística.
- Xestión de espazos.
- Asesoramento sobre Palacios de Congresos, hoteis e servizos anexos (transporte, azafatas, tradución simultánea, material audiovisual, guías turísticos, caterings, restaurantes, etc..)
- Asesoría de planificación e organización de reunións.
- Asesoramento a profesionais interesados en organizar a súa reunión en Vigo.
- Asesoramento na elección do marco máis adecuado para calquera acontecemento, e información sobre as infraestruturas da cidade.



- Entrega de material promocional de Vigo e información xeral sobre a cidade.
- Colaboración na obtención de accesos a museos e acontecementos culturais e na utilización de edificios históricos singulares.
- Actividades de promoción destinadas a fomentar a organización de reunións en Vigo.

Co fin de medir o retorno de inversión (ROI) en cada un dos eventos patrocinados pola Fundación, é necesario realizar informes de estimación previa do posible retorno económico en termos publicitarios que podería ter o evento a celebrar, polo que a Fundación realizou a contratación da elaboración de informes de valoración do retorno económico dos contratos de patrocinio, a fin de satisfacer a necesidade de promoción de difusión de Vigo nos eventos de promoción turística, eventos publicitarios e actividades deportivas na cidade de Vigo.



2.5.1.2.- ACCIÓNS EXECUTADAS EN TURISMO CINEMATográfico

A continuación enuméranse as accións enmarcadas dentro deste área.

2.5.1.2.1.- PARTICIPACIÓN EN FITUR SCREEN 2024

A Spain Film Commission co-organiza xunto a Ifema- Feira de Madrid, Fitur Screen, un espazo destinado ao turismo cinematográfico dentro da Feira Internacional de Turismo (FITUR). A Vigo Film Office acudiu en xaneiro do 2024 a presentar Vigo como plató de cine dentro desta 6ª edición de Fitur Screen, cuxo obxectivo este ano centrouse en promover o vínculo cada día máis estreito entre o audiovisual e o turismo e poñer en valor as novas propostas de lecer xurdidas ao redor das rodaxes en España.



2.5.1.2.2.- ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, CAPTACIÓN, APOIO E PRESENTACIÓN


No marco da promoción da cidade de Vigo desde a Vigo Film Office promoveuse a participación en distintos festivais, eventos, asembleas e actividades formativas realizadas no territorio nacional e internacional. Unha mostra diso foron:

- Festival de Málaga (MAFIZ) do 4 ao 8 de marzo.
- Premios Mestre Mateo o 23 de marzo.
- Conecta Fiction do 18 ao 21 de xuño.
- 4ª edición do Shooting Locations Marketplace os días 15 e 16 de outubro.
- South Series Fest Cádiz do 28 ao 30 outubro.
- Asamblea Spain Film Commission en Terrassa do 2 ao 3 de decembro.
- Mesas redondas sobre rodaxes no Festival TAC. Vigo 17 xuño.



Durante todo o ano e de maneira transversal a Vigo Film Office, tamén realizou as seguintes tarefas:

- Apoio a estreas de películas rodadas na cidade e á súa promoción.
- Tramitación dos permisos de rodaxe.
- Apoio a eventos cinematográficos na cidade.
- Apoio loxístico - posibilidade de axuda nos aloxamentos, cesión de espazos etc.- á rodaxe de películas, curtos, documentais e festivais que consideremos de especial relevancia para a cidade.



2.5.1.2.3.- PROGRAMA RUEDA

O Programa Rueda, executouse en abril, organizado xunto á Academia de Cine, supuxo a primeira colaboración da cidade con esta prestixiosa entidade.

Vigo foi unha das sedes que acolleron este ano aos participantes dos programas formativos da Academia: “Residencias e Rueda”. O evento consistiu en que os participantes dos programas formativos reuníronse na



cidade durante unha semana do 14 ao 20 de abril, xunto cos seus mentores, que son profesionais de primeiro nivel, para realizar as titorías e impulsar os seus proxectos. O programa incluía ademais xornadas de formación para profesionais da cidade co obxectivo de fomentar a xeración de sinerxias coa contorna audiovisual e propiciar a cooperación entre territorios. Organizáronse ademais diversas actividades abertas á cidadanía en xeral e aos estudantes, como proxeccións, charlas e mesas redondas.

2.5.1.2.4.- CONCURSO DE MICROCURTAMETRAXES

Celebración dunha nova edición do concurso de curtametraxes baixo a marca de “Vigo en 90 segundos”. O concurso este ano tivo como tema central a Reconquista. Os vídeos rodáronse con calquera tipo de dispositivo, sendo os únicos requisitos que o tempo máximo non superase os 90 segundos e que tivera como escenario a temática elixida para este ano, que foi a Reconquista de Vigo.



Valorouse que os traballos mostrasen as localizacións que ofrece Vigo e que promocionen a cultura, o patrimonio e as tradicións da nosa cidade.

Os vídeos foron presentados a través dunha plataforma xa deseñada para tal fin e os gañadores das distintas categorías foron elixidos por membros da VFO, do Concello de Vigo e representantes do sector audiovisual. Establecéronse varios premios en función das categorías.

Esta acción tivo un dobre obxectivo: por unha banda, incentivar a produción audiovisual na cidade e, por outra, promover o turismo.

2.5.2.- RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED

Un ano máis procedeuse a renovar o selo SICTED¹, programa desenvolvido pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico, englobando tanto os servizos turísticos propiamente devanditos como aqueloutros que sen selo estritamente, inciden no itinerario de consumo do turista.

Para a renovación deste ano procedeuse a:

- Auditoría de control e seguimento.
- Plan de Formación.
- Plan de Mellora.
- Elaboración Informe de calidade.



Asinado:

Presidenta do Comité Executivo da Fundación Vigo Convention Bureau

M^a Carmen Lago Barreiro

Tesoureiro da Fundación Vigo Convention Bureau

César Sánchez Ballesteros

Secretario da Fundación Vigo Convention Bureau

Arsenio Fidel Prieto Martínez

¹Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos